

RESOLUCIÓN ALCALDÍA

nº expediente 86/2024

Por Resolución da Alcaldía de 26/01/2024, aprobose acollerse á convocatoria do PLAN MÁIS PROVINCIA - Programa de activación para o emprego 2024 da Deputación de Pontevedra (Liña 3), de conformidade coas bases e convocatoria publicadas BOPPO nº 2, do 3 de xaneiro de 2024. (nº expediente 86/2024).

Con data 13/02/2024, a Deputación de Pontevedra notifica a concesión, ao Concello de Lalín, dunha subvención de 337.637,07 € para a contratación de 21 traballadores/as ao abeiro do Plan Máis Provincia - Programa de activación para o emprego 2024 da Deputación de Pontevedra (Liña 3).

Vistos os informes do servizo de persoal e emprego e o informe favorable da intervención municipal existentes no expediente gestiona e facendo uso das atribucións que me confiren os artigos 21 e concordantes da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do RealDecreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, e o art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público,

DISPOÑO.-

PRIMEIRO.- Avocar a competencia, para este caso concreto, que ostenta a Xunta de Goberno Local por delegación de Alcaldía en virtude do Decreto do Decreto do 23 de xuño de 2023 (BOPPO núm. 128, do 4 de xullo de 2023), relativa a "(...) g) Aprobar a oferta de emprego público consonte ao Orzamento e o plantel aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo".



Procede dita avocación por razóns técnicas, debido que para cumprir as datas límites de duración dos contratos deben aprobarse as Bases reguladoras do proceso selectivo coa maior celeridade, para garantir un correcto desenvolvemento do proceso de selección conforme aos prazos legalmente impostos, sen que sexa posible demorar dita aprobación á celebración da próxima Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- Aprobar as bases reguladoras do proceso de selección para a contratación de 21 traballadores/as, como persoal laboral temporal, ao abeiro PLAN MÁIS PROVINCIA – Programa de activación para o emprego 2024 da Deputación de Pontevedra (Liña 3).

TERCEIRO.- Nomear aos membros do Tribunal Cualificador de conformidade coa composición establecida na disposición sexta das bases reguladoras para os postos que seguidamente se relacionan:

OBRA/SERVIZO	TRABALLADORES/AS	
	Nº trab	ocupación
Apoio ao departamento de Obras	4	Peóns forestais
	6	Peóns obras públicas
	4	Peóns albanel
	2	Condutores tractor desbrozadora
	1	Conductor de pala retroexcavadora mixta

- Presidente: Ramón Galego Guitián
- Secretario: Francisco Guerra García
- Vogais: José Couto Codeseira
María Pérez Seoane
Román Pérez García

CUARTO.- Nomear aos membros do Tribunal Cualificador de conformidade coa composición establecida na disposición sexta das bases reguladoras para os postos que seguidamente se relacionan:

OCUPACIÓN	Nº TRAB	SERVIZO
-----------	---------	---------



Auxiliar de información turística	1	Apoio ao departamento de turismo
Auxiliares administrativos	2	Apoio aos departamentos de intervención e persoal
Auxiliar informática	1	Apoio ao departamento de informática

- Presidente: Román Pérez García
- Secretario: Susana Pereiro Pájaro
- Vogais: Jesús Barreira Fernández
Francisco Guerra García
María Pérez Seoane

QUINTO.- Publicar as datas, lugar e hora no que terán lugar as probas correspondentes á fase de oposición, segundo a cláusula quinta das bases de selección do proceso selectivo:

DATAS PROBA FASE OPOSICIÓN - OFICIOS

Ocupación: **CONDUTOR PA RETROEXCAVADORA**
 nº postos a seleccionar : **1**
 data do exame: **Luns, 4 de marzo de 2024**
 Hora: **10:30 horas**
 Lugar: **POLÍGONO INDUSTRIAL LALÍN 2000 - Centro de Formación Ocupacional.**

Ocupación: **CONDUTOR TRACTOR DESBROZADORA**
 nº postos a seleccionar : **2**
 data do exame: **MARTES, 5 de marzo de 2024**
 Hora: **10:00 horas**
 Lugar: **EXPLANADA ESTACIÓN DE BOTOS**

Ocupación: **PEÓNS ALBANEL**
 nº postos a seleccionar : **4**



data do exame: **MÉRCORES, 6 de marzo de 2024**
 Hora: **9:00 horas**
 Lugar: **FRENTE LALÍN ARENA (SOPORTAIS LALÍN ARENA)**

Ocupación: **PEÓNS FORESTAIS**
 nº postos a seleccionar : **4**
 data do exame: **XOVES, 7 de marzo de 2024.**
 Hora: a partir das **10:00 horas**
 Lugar: **EXPLANADA ESTACIÓN DE BOTOS**


Ocupación: **PEÓNS OBRAS PÚBLICAS**
 nº postos a seleccionar : **6**
 data do exame: **Venres, 8 de marzo de 2024.**
 Hora: a partir das **9:00 horas**
 Lugar: **NAVE DE OBRAS DO CONCELLO DE LALÍN**

DATAS PROBA FASE OPOSICIÓN - PERSOAL ADMINISTRACIÓN

ocupación	AUXILIARES ADMINISTRATIVOS	Nº postos	2
Data exame	Luns, 11 de marzo de 2024	hora	9:30 horas
lugar	CONCELLO DE LALIN - SALA DE PRENSA		

ocupación	AUXILIAR INFORMACIÓN TURÍSTICA	Nº postos	1
Data exame	Luns, 11 de marzo de 2024	hora	9:30 horas
lugar	CONCELLO DE LALIN - SALA DE PRENSA		

ocupación	APOIO DEPART. INFORMÁTICA	Nº postos	1
Data exame	Luns, 11 de marzo de 2024	hora	11:00 horas
lugar	CONCELLO DE LALIN - SALA DE PRENSA		



Lalín km cero

Emprego



Concello de Lalín

O Alcalde,
D. José Crespo Iglesias

Dou fe
O Secretario Xeral
D. César López Arribas

L

K

M

